



Facultade de Deseño

Grao en Deseño

Materias

Curso 1

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
P06G450V01101	Teoría, crítica e historia do deseño I	1c	6
P06G450V01102	Expresión artística: Fundamentos do debuxo	1c	6
P06G450V01103	Laboratorio de materiais	1c	6
P06G450V01104	Fundamentos do deseño I	1c	6
P06G450V01105	Técnicas informáticas I: Imaxe dixital	1c	6
P06G450V01106	Expresión artística: Fundamentos da cor	2c	6
P06G450V01107	Laboratorio integrado: Procedementos I	2c	6
P06G450V01108	Fundamentos do deseño II	2c	6
P06G450V01109	Sistemas de representación	2c	6
P06G450V01110	Técnicas informáticas II: Edición dixital	2c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS**Teoría, crítica e historia do deseño I**

Materia	Teoría, crítica e historia do deseño I			
Código	P06G450V01101			
Titulación	Grao en Deseño			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Cendán Caaveiro, Marina Susana			
Profesorado	Cendán Caaveiro, Marina Susana			
Correo-e	scendan@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Introdución á historia e á teoría do deseño. Antecedentes e orixes do Deseño no século XX. As Vanguardias históricas. O deseño moderno e as súas implicacións sociais, económicas e políticas, desde o fin da Segunda Guerra Mundial até a Posmodernidade. O deseño no contexto galego. Perspectivas e teorías para a interpretación do Deseño moderno. Prácticas de análise de casos de estudo.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A3	3. Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.			
A4	Ser capaz de transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.			
B3	Saber xestionar axeitadamente a información (capacidade para recuperar e analizar a información de diversas fontes).			
C10	Saber aplicar a metodoloxía de investigación relevante no deseño, fontes, análise, interpretación e síntese, así como ter motivación para aplicala e desenvolvela.			
C19	Coñecer a teoría e historia do deseño e da moda, así como o vocabulario e os fundamentos conceptuais do deseño de moda.			
D2	Saber comunicarse de forma oral e por escrito en lingua galega.			

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Comprender os orixes da disciplina do deseño despois da Revolución Industrial ata o Proxecto Moderno. Analizar as súas implicacións sociais, económicas e políticas.	A3	B3	C10	D2
Identificar as diferentes etapas e movementos históricos do deseño desde a súa orixe ata o fin da Segunda Guerra Mundial e o desenvolvemento do Proxecto Moderno.	A4		C19	
Interpretar as teorías do deseño desde unha posición crítica.	A3	B3	C10	D2
Identificar un proxecto de deseño no seu contexto histórico, social, filosófico e ético.	A4		C19	
Analizar un proxecto de deseño e interpretalo desde a elaboración dun criterio persoal fundamentado.	A3	B3	C10	D2
	A4		C19	

Contidos

Tema				
Bloque I: Deseño gráfico e de moda no século XIX (Parte I)	<p>Moda Rococó: O tándem María Antonieta / Rose Bertin</p> <p>Revolución Francesa (1795-1829): A moda como reflexo dos cambios políticos e sociais na Francia revolucionaria</p> <p>O vestido neoclásico: Liberador, etéreo e breve</p> <p>A arte como espello das modas. Quen, qué e cómo se pintaba entón</p> <p>Revolución Industrial: As bases do deseño gráfico moderno</p> <p>William Morris e o movemento Arts & Crafts (1860-1919) en Gran Bretaña</p> <p>The Four: Charles R. McKintosh, Herbert McNair, Margaret e Frances McDonald</p> <p>O nacemento da imprenta independente. Novos procedementos creativos: A litografía</p>			

Bloque II: Deseño gráfico e de moda no século XIX (Parte II)	<p>Regreso ao pasado: moda Romántica e estilo Miriñaque (1820-1850) A imaxe da muller no pensamento victoriano: Códigos de conducta e estereotipos O novo rococó: O polisón de finais do século XIX Atisbos de funcionalidade: Amelia Bloomer e o valor simbólico do pantalón</p> <p>Arte e deseño gráfico no Art Nouveau (1890-1910) O nacemento do cartelismo moderno: Jules Chéret, Eugène Grasset, Toulouse Lautrec e Alfons Mucha O Art Nouveau máis aló de Francia: Estudo de casos Cambio de rumbo no deseño gráfico e industrial europeo: O movemento da Deutscher Werkbund en Alemaña (1907-1934) Un caso paradigmático: As aportacións de Peter Behrens e AEG</p>
Bloque III: Deseño gráfico e de moda no tránsito do século XIX ao XX	<p>Wiener Werkstätte (Talleres Vieneses, 1903-1932): Deseño, arquitectura e moda Koloman Moser: Artista (gráfico) total Movimentos de reforma da indumentaria: Henry van de Velde Os deseños estilo reforma de Emilie Flöge. Fotografía de moda, Gustav Klint e Street Style Estudo de casos: Mariano Fortuny (1871-1949) e Paul Poiret (1879-1947)</p>
Bloque IV: Deseño gráfico e moda de vangarda I (1910-1939)	<p>Arte e vangarda: A construción dunha imaxe artística Futurismo italiano: Deseño gráfico, arte e moda O espírito Dada: nihilismo e provocación. Contexto social e político Novos procedementos artísticos: Fotomontaxe e collage Sonia Delaunay (1885 - 1979): Arte e vida Deseño de vangarda na Rusia revolucionaria. Cartelismo político. El Lissitzky (1890-1941): Constructivismo e deseño gráfico.</p>
Bloque V: Deseño gráfico e moda de vangarda II (1910-1939)	<p>Holanda e De Stijl (1917-1931): Deseño, arquitectura e moda Estilo Bauhaus (1919-1933). Estudo de casos: László Moholy-Nagy, Herbert Bayer e Joost Schmidt. Jan Tschichold e a nova tipografía Walter Gropius: O profesorado e o método educativo da Bauhaus. Estudo de casos Gunta Stözl: O departamento textil da Bauhaus Oscar Schlemmer e o Ballet Triádico Edward Johnston: A tipografía do metro de Londres (1916). Henry Beck, creador dos mapas de metro modernos (1933) Otto Neurath e o Movemento Isotype</p>
Bloque VI: Deseño gráfico e moda de vangarda III (1910-1939)	<p>A nova muller dos anos 20: Coco Chanel (1883-1971) Surrealismo, provocación e moda: Elsa Schiaparelli (1940-1973) Art Decó e deseño gráfico (1920-1930): Contexto xeral e estudo de casos. Deseñadoras gráficas e de moda no contexto dos anos 20: Helen Dryden, Dore Mönkemeyer-Corty, Martel Schwichtenberg, Carmé Millá, Jessie Willcox Smith, Dolly Rudeman e Sory Popitz</p>
Bloque VII: Deseño gráfico e de moda nos anos 40	<p>A moda nos anos 40: Austeridade, implicación e compromiso. Propostas innovadoras para a reconstrución da industria da moda: O Theatre de la Mode francés Deseño gráfico en tempos de guerra: Rosie The Riveter O exilio europeo en América: Herbert Bayer, Alexey Brodovitch, Alexander Liberman e Herbert Matter. Cristóbal Balenciaga: O fin dunha época</p>

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	45	65
Saídas de estudo	10	25	35
Estudo de casos	10	25	35
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
Estudo de casos	2	5	7
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	5	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o estudante ten que desenvolver.

Saídas de estudo	Actividades de aplicación, contraste e observación dos coñecementos nun contexto determinado nun espazo externo.
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolverlo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticarlo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Saídas de estudo	Visitas a exposicións temporais, museos e eventos que exemplifiquen os contidos tratados durante as clases maxistras e sirvan ao alumnado para tomar contacto co deseño.
Estudo de casos	Análisis dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolverlo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticar e entrenarse en procedementos alternativos de solución.
Probas	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver as solucións axeitadas ou correctas mediante a práctica de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. A actividade actúa como complemento da lección maxistral.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Exame de preguntas de desenvolvemento	Probas que inclúen preguntas abertas sobre un tema que o alumnado deberá relacionar, organizar e presentar. O obxectivo da proba é constatar os coñecementos que o alumnado acadou sobre a materia así como a súa capacidade de argumentación.	40	A3 A4	C19	D2
Estudo de casos	Proba na que o alumnado deberá analizar grupalmente circunstancias relacionadas co contido da materia para interpretalas, xerar hipóteses, reflexionar ou completar coñecementos.	40	A3	B3 C10 C19	D2
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exercicio relacionado coa lectura e interpretación de imaxes que servirá de práctica da proba final. Pode realizarse grupal ou individualmente e concluir cunha exposición oral que permita valorar a capacidade de comunicación do alumnado.	20	A3 A4	B3 C10 C19	D2

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación da materia comprende as probas que se detallan a continuación:

1. Exame de preguntas de desenvolvemento (40%). Como se indica na descrición a proba consiste nun exame de preguntas de desenvolvemento de carácter individual cuxo obxectivo é valorar os coñecementos alcanzados polo alumnado sobre a materia. Para que a nota do exame faga media coa nota obtida nos seminarios é necesario sacar un 4. Se a nota obtida no exame é menor dun 4, deberá recuperarse na convocatoria extraordinaria de xullo. Manteranse as notas obtidas nos distintos seminarios (Estudo de casos e Resolución de problemas).

O exame do 1º cuadrimestre terá lugar o **xoves 9 de xaneiro de 2025 entre as 10.00 e as 11.30 horas no Espazo 16** (Facultade de Belas Artes).

2. Estudo de casos (40%). Comprende a realización de exercicios heteroxéneos relacionados cos contidos da materia: Aprender a ler as imaxes; Análise da moda do século XIX na colección do Museo de Pontevedra; Construción da identidade, xénero e moda; Evolución do deseño gráfico en Galicia en relación co contexto global). Os exercicios teñen un carácter grupal, constan de dous partes e implican presentacións orais.

3. Resolución de problemas (20%): Inclúe un exercicio coordinado polo equipo da Biblioteca do Campus de Pontevedra sobre como realizar unha investigación académica: saber citar correctamente, buscar fontes bibliográficas etc., aspectos clave para o desenvolvemento teórico da memoria do Traballo Fin de Grao. O exercicio é de obrigatorio cumprimento e a súa avaliación conta un 10%.

O 10% restante garda relación coa participación en dúas actividades: unha viaxe de estudos (5%) e a realización dun exercicio ou proba pre exame (5%) que funciona como método de repaso da materia e familiarización co formato de exame que terá lugar ao final de cuadrimestre.

Avaliación global. Para a avaliación global realizárase unha única proba de exame de preguntas de desenvolvemento co obxectivo de demostrar os coñecementos que o/a estudante ten sobre o conxunto dos contidos da materia.

Convocatoria de xullo. A non superación da materia na convocatoria común obrigará ao alumnado para presentarse á convocatoria extraordinaria de xullo, a cal consistirá na realización dunha proba final específica de preguntas de desenvolvemento na que o/a estudante deberá demostrar a adquisición de todos os coñecementos da materia.

O exame da convocatoria de xullo terá lugar o **martes 8 de xullo entre as 10.00 e as 11.30 horas no Espazo 31** da

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- Philip B. Meggs, Alston W. Purvis, **Historia del diseño gráfico**, Editorial RM, 2009
- Enric Satué, **El diseño gráfico. De los orígenes hasta nuestros días**, 2ª, Alianza Forma, 2012
- Cosgrave, Bronwyn, **Historia de la moda. Desde Egipto hasta nuestros días**, Gustavo Gili, 2005
- Manuel Fontán, **William Morris y compañía**, Fundación Juan March, MNAC, 2017
- Alison Brown, **Charles Rennie Mackintosh. Making the Glasgow Style**, Glasgow Museums Publishing, 2018
- Roger Billcliffe, **Charles Rennie Mackintosh and the art of the four**, Frances Lincoln, 2017
- VVAA, **100 años de arquitectura y diseño en Alemania. Deutscher Werkbund**, Embajada Republica Federal Alemania Madrid, 2013
- Gabriele Fahr-Becker, **Wiener Werkstatte**, Taschen, 2022
- Agnes Husslein-Arco, **Gustav Klimt and Emilie Flöge Photographs**, Prestel, 2012
- Magdalena Droste, **Bauhaus**, Taschen, 2020
- Patrick Rossler, **Herbert Bayer, graphic designer**, Bloomsbury Visual Arts, 2014
- VVAA, **Shocking. El mundo surrealista de Elsa Schiaparelli**, Museo de Artes Decorativas Paris, 2022
- VVAA, **The History of Art Deco Styles. Great Designers & Collectors**, ACC Art Books, 2023

Bibliografía Complementaria

- Richard Hollis, **El diseño gráfico**, Ediciones Destino, 2000
- Cerrillo, Lourdes, **La moda moderna. Génesis de un arte nuevo**, Siruela, 2010
- Lehnert, Gertrud, **Historia de la moda**, Könnemann, 2000
- Richard Hollis, **Swiss Graphic Design: The Origins and Growth of an International Style 1920-1965**, Laurence King, 2006
- Magdalena Droste, **La Bauhaus : 1919-1933 : reforma y vanguardia**, Taschen, 2007
- Lewis Blackwell, **Tipografía del siglo XX**, Gustavo Gili, 2004
- Laura Diaz Mejias, **La moda como reflejo de los cambios sociales tras la Revolución Francesa**, Universidad de Alicante, 2019
- Paun Greenhalgh, **Art Nouveau 1890-1914**, V&A Publications, 2000
- Andrea Aranda Gomez, **Peter Behrens y el rostro de la industria moderna**, Revista Eiterna, 2019
- Eloy Martínez de la Pera, **Mariano Fortuny i Madrazo**, Museo del Traje, 2010
- Guillermo de Osmá, **Mariano Fortuny: Arte, ciencia y diseño**, Ollero y Ramos, 2012
- VVAA, **Fortuny y la lámpara maravillosa**, Documental La 2 RTVE: Imprescindibles, 2016
- Silvia Bañares, **Una breve nota biográfica sobre Henriette Nigrin, creadora del delphos**, Revista Data Textil 36, 2017
- Fashion Conservatore Blog, **More than a Muse. Henriette Nigrin, the inventor behind Fortuny**, Fashion Conservatore blog,
- Paul Poiret, **Vistiendo la época (autobiografía)**, Renacimiento, 2017
- Harold Koda, **Paul Poiret**, Metropolitan Museum New York, 2017
- Jorge Chamorro, **Diseño gráfico y collage**, Promopress, 2023
- VVAA, **Sonia Delaunay**, Tate Modern Exposición, 2014
- VVAA, **Sonia Delaunay. Diseño, arte y moda**, Museo Thyssen Bornemisza, 2017
- Charles Le Bourgeois, **El cartel soviético, una especificidad**, Revista Chilena de diseño. Universidad de Chile, 2017
- Antonio Checa, Manuel Garrido, **Teoría e historia del cartel publicitario**, Síntesis, 2017
- Maria Luisa Sobrino Manzanares, **O cartelismo en Galicia: Desde as suas orixes ata 1936**, Edicións do castro, 1996
- Ana Moreno Cañizares, **Diseño y tipografía en De Stijl**, Revista i+diseño, 2014
- Smith, T'ai Lin, **Weaving work at the Bauhaus: The gender and engendering of a medium, 1919-1937**, ProQuest Dissertations & Theses, 2006
- VVAA, **Elsa Schiaparelli, shocking life: the autobiography of Elsa Schiaparelli**, V&A Publications, 2007
- VVAA, **Elsa Schiaparelli**, Musée de la Mode et du Textile, 2004
- VVAA, **Schiaparelli & Prada: Impossible Conversations**, The Metropolitan Museum of Art, 2012
- VVAA, **Cosas del surrealismo. Surrealismo y diseño**, Museo Guggenheim Bilbao, 2007
- VVAQ, **Nº5. Culture Chanel**, Palais de Tokyo, 2013
- VVAA, **Chanel**, Metropolitan Museum New York, 2005
- VVAA, **Chanel / Picasso**, Museo Thyssen Bornemisza, 2022
- Miren Arzalluz, Lesley Ellis Miller, **Cristobal Balenciaga. La forja de un maestro**, Nerea, 2010
- VVAA, **Cristobal Balenciaga**, Fundación Cristobal Balenciaga, 2000

Recomendacións

Materias que continúan o temario

- Deseño de identidades/P06G450V01210
- Deseño e estudos culturais/P06G450V01201
- Expresión artística: Ilustración/P06G450V01203

Outros comentarios

Recoméndase consultar o catálogo bibliográfico da universidade de Vigo: monografías de deseñadores/as, catálogos de exposicións e libros de historia da arte que axuden a completar e complementar a materia.

Asimesmo recoméndase a consulta de direccións web de interese:

Cooper Hewitt National Design Museum: Dispoñible en: www.ndm.si.edu

Design Museum Lodres: Dispoñible en: www.designmuseum.org

Museo das Artes Industriais (Kunstgewerbemuseum) Dispoñible en: www.smb.spkberlin.

Museum fur Gestaltung: Dispoñible en: www.museum-gestaltung.ch

Museum of Modern Art: Dispoñible en: www.moma.org

Victoria & Albert Museum: Dispoñible en: www.vam.ac.uk -Vitra Design Museum

E para investigacións de carácter académico GOOGLE SCHOLAR é unha ferramenta fundamental.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Expresión artística: Fundamentos do debuxo**

Materia	Expresión artística: Fundamentos do debuxo			
Código	P06G450V01102			
Titulación	Grao en Deseño			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Debuxo Dpto. Externo			
Coordinador/a	Seoane Suárez, Ana			
Profesorado	Seoane Suárez, Ana			
Correo-e	anaseoane@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Introdución ao coñecemento dos principios de proporción, composición e uso da luz nos sistemas de representación gráfica. Introdución ao coñecemento e manexo de técnicas artísticas e métodos de representación bidimensional. Desenvolvemento de métodos de debuxo persoais adecuados para a representación bidimensional. Prácticas con materiais e materiais básicos.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita atoparse nun nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, tamén inclúe algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A5	Desenvolver aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C3	Coñecer os fundamentos estéticos do deseño (morfoloxía, estrutura, cor, espazo, volume, tectónica, tipografía e composición).
C14	Coñecer os materiais, procedementos e técnicas asociados a cada linguaxe creativa específica, así como o vocabulario e os conceptos inherentes a cada técnica artística particular.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Identificar e empregar os principios de proporción e composición.	A1	C3
	A5	C14
Identificar e empregar a luz como moduladora do volume.	A1	C3
	A5	C14
Mostrar o manexo dos métodos básicos da expresión gráfica a man alzada.	A1	C3
	A5	C14
Bosqueixar e ilustrar propostas bidimensionais de representación gráfica.	A1	C3
	A5	C14
Investigar e experimentar métodos de debuxo persoais adecuados para propoñer proxectos de creación.	A1	C3
	A5	C14

Contidos

Tema	
Iniciación ao coñecemento dos principios de proporción, composición e uso da luz nos sistemas de representación gráfica.	Identificar e utilizar os principios de proporción e composición
Iniciación ao coñecemento e manexo de técnicas e métodos artísticos de representación bidimensional	Identificar e utilizar a luz como modulador de volume Encadre, encaixe e esbozo Debuxo analítico Os cimentos das formas A pel das formas Ferramentas, métodos e técnicas Ritmo, dinamismo e simetría Orde Vs Caos
Desenvolvemento de métodos de debuxo persoal adecuados para a representación bidimensional	Investigar e experimentar con métodos de debuxo persoal axeitados para propoñer proxectos creativos O caderno de campo. O debuxo como modo de pensar

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	4	8	12
Resolución de problemas	36	77	113
Actividades introdutorias	3	0	3
Observación sistemática	1	0	1
Cartafol/dossier	1	20	21

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor/a dos contidos sobre os fundamentos do debuxo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o/a estudante ten que desenvolver.
Resolución de problemas	varias entregas de problemas ou exercicios que serán avaliados de forma independente nos que se terá en conta a execución técnica/conceptual adecuada de enfoques, procesos e procedementos
Actividades introdutorias	Actividades deseñadas a realizar unha avaliación diagnóstica do alumnado, presentar a materia e situala no contexto do plan de estudos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Se titorizará o traballo do alumnado ao que se guiará no desenvolvemento procedimental dos exercicios.
Probas	Descrición
Observación sistemática	Realizarase por parte do docente unha observación sistemática individualizada co obxectivo de valorar a implicación do alumnado na asignatura e a adquisición dos resultados previstos na materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas	Varias entregas de problemas ou exercicios que serán avaliados de forma independente nos que se valorará a execución técnica/conceptual adecuada de enfoques, procesos e procedementos	40	A1 C3 A5 C14
Observación sistemática	Realizarase unha observación sistemática do traballo na aula do alumno/a, valorando a súa asistencia, o axeitado comportamento, a actitude na aula e o respecto polas instalacións e materiais.	20	A1 C3 A5 C14
Cartafol/dossier	Entrega dun cuaderno de campo que recolla a evolución do traballo realizado durante o cuadrimestre	40	C3 C14

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaluación continua: Se aplicarán as porcentaxes e conceptos anteriores.

O alumnado que siga a avaliación continua terá que entregar todos os traballos, exercicios e probas para ser avaliado nesta modalidade, así como cumprir coa asistencia obrigatoria.

Para superar a materia será necesario obter unha media de 5 calculando as porcentaxes detalladas en cada un dos bloques de avaliación. Imprescindible ter un 4 como nota mínima en cada un dos bloques para que se proceda a calcular a nota media.

Avaliación global: Os estudantes que opten pola modalidade de avaliación global deberán comunicalo por escrito ao responsable da materia nun prazo máximo dun mes desde o inicio da docencia da materia. Esta elección suporá a anulación automática de todas as cualificacións obtidas mediante o método de avaliación continua.

A avaliación será da seguinte maneira:

Cartafol/dossier. 40%

Cuaderno de campo que recolla a evolución do traballo realizado.

Resolución de problemas: 60%

Varias entregas de problemas ou exercicios que serán avaliados de forma independente nos que se valorará a execución técnica/conceptual adecuada de enfoques, procesos e procedementos. Nesta entrega haberá unha proba práctica presencial de resolución de exercicio.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Na convocatoria extraordinaria, o estudiantado deberá presentar e superar o mesmo número de traballos e segundo as mesmas características evolución na metodoloxía global. Os exercicios deberán presentarse nun exame final, que se realizará durante o período oficial de exames

A avaliación será da seguinte maneira:

Cartafol/dossier. 40%

Cuaderno de campo que recolla a evolución do traballo realizado.

Resolución de problemas: 60%

Varias entregas de problemas ou exercicios que serán avaliados de forma independente nos que se valorará a execución técnica/conceptual adecuada de enfoques, procesos e procedementos. Nesta entrega haberá unha proba práctica presencial de resolución de exercicio.

A non presentación dalgún dos exercicios suporá suspender a materia, tanto en convocatoria ordinaria como extraordinaria.

Datos de avaliación:

Pódense consultar todas as datas das probas de avaliación aprobadas polo centro na páxina web oficial do mesmo

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Berguer, John, **Modos de ver**, Gustavo Gili, 2006

Berguer John, **Sobre el dibujo**, Gustavo Gili, 2011

Munari, Bruno, **El cuadro: más de 300 ejemplos ilustrados sobre la forma cuadrada**, Gustavo Gili, 1990

Bibliografía Complementaria

Arnheim, Rudolf, **Arte y percepción visual**, Alianza Editorial, 1979

Beljon, J.J., **Gramática del arte**, Celeste, 1993

Davis, Flora, **La comunicación no verbal**, Alianza Editorial, 2004

Díaz Padilla, Ramón, **El dibujo del natural en la época de la postacademia**, Akal, 2007

Fernández Coca, Antonio, **El arte de la ilustración, del concepto al éxito**, Anaya multimedia, 2012

Gombrich, Ernst H, **Nuevas visiones de viejos maestros**, Alianza Editorial, 1987

Lambert, Susan, **El dibujo, técnica y utilidad**, Tursen H. Blume, 1976

Stoichita, Victor I, **Breve historia de la sombra**, Siruela, 2006

Valéry Paul, **La conquista de la ubicuidad**, CAAM, 2003

Recomendacións

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Expresión artística: Fundamentos da cor/P06G450V01106

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Laboratorio de materiais				
Materia	Laboratorio de materiais			
Código	P06G450V01103			
Titulación	Grao en Deseño			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Corbato Pérez, Román			
Profesorado	Corbato Pérez, Román			
Correo-e	romancorbato@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	A materia céntrase no recoñecemento, clasificación, creación e manipulación de materiais e soportes, co obxectivo de capacitar ao estudiantado para abordar proxectos de deseño gráfico e deseño de moda desde unha perspectiva máis ampla. A través da análise e a experimentación, o alumnado poderá familiarizarse coas técnicas, a terminoloxía e as linguaxes técnicas asociadas, así como coa preparación de materias e soportes que lle permitirán abordar futuros procesos creativos e producións que poidan involucrar a colaboración con outros profesionais.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Código	
A5	Desenvolver aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Saber analizar e sintetizar
C2	Saber identificar problemas que se poden resolver mediante o deseño, plantexalos como problemas de deseño, proverse dos datos pertinentes para desenvolver o proxecto, propoñer un concepto de deseño e decidir criterios de formalización, elixir os materiais e procedementos construtivos adecuados en cada caso, controlar a coherencia na toma de decisións e avaliar os resultados obtidos.
C14	Coñecer os materiais, procedementos e técnicas asociados a cada linguaxe creativa específica, así como o vocabulario e os conceptos inherentes a cada técnica artística particular.
D3	Coñecer as bases da sostibilidade e o compromiso ambiental co obxectivo de facer un uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.

Resultados previstos na materia	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Identificar e clasificar materiais básicos: soportes gráficos, soportes plásticos e materiais téxtiles.	A5 B1 C14 D3
Adaptar, manipular e modificar materiais para o seu uso como soporte de creación plástica.	A5 B1 C2 D3 C14
Experimentar para a creación de propostas de deseño a partir da transformación de materiais con procesos artesanais.	A5 B1 C2 D3 C14

Contidos	
Tema	
Materia e material.	Tipos e características dos materiais. Selección de materiais.
Recoñecemento e análise básico de materiais: soportes gráficos, soportes plásticos e materiais textis.	Textura, cor, peso, opacidade, flexibilidade, durabilidade, etc.
Transformación básica e experimentación con materias e materiais.	Obradoiro: técnicas e procedementos de intervención e manipulación.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	5	20	25
Estudo de casos	5	25	30
Resolución de problemas de forma autónoma	30	60	90
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2
Estudo de casos	1	0	1
Presentación	1	0	1
Observación sistemática	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	A sesión maxistral será o comezo de cada un dos exercicios, centrada en expor os conceptos e ferramentas de manexo de técnicas e materiais que posteriormente o alumnado desenvolverá nesa sesión a modo de prácticas no obradoiro.
Estudo de casos	Unha vez finalizada a sesión maxistral, espérase que os estudantes realicen unha análise exhaustiva dos recursos presentados e experimenten coas diferentes técnicas, soportes, materias e materiais. O obxectivo principal é asimilar os conceptos abordados durante a clase e descubrir novas posibilidades creativas a través da aplicación dos recursos no obradoiro.
Resolución de problemas de forma autónoma	Execución técnica adecuada de procedementos e experimentacións de carácter artístico, plástico e de deseño. O alumnado deberá demostrar a asimilación de contidos da materia e a súa aplicación persoal de maneira creativa e tecnicamente correcta. Valorarase o proceso de investigación con técnicas e materiais, o nivel de acabado e o risco na experimentación.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	En base ao traballo por parte do alumnado na resolución de problemas de forma autónoma, realizarase unha atención personalizada para cada exercicio, propondo correccións, propostas de mellora e opcións de realización.
Probas	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	En base ao traballo por parte do alumnado na resolución de problemas dentro da aula, levará a cabo unha atención personalizada para cada exercicio, propondo correccións, propostas de mellora e opcións de realización.
Observación sistemática	O docente realizará unha observación sistemática do alumnado de maneira individualizada, valorando a súa asistencia, a participación activa na aula, a proactividade ante os exercicios expostos e o respecto polo material e equipo das aulas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Resolución de problemas e/ou exercicios	Varias entregas de exercicios que se avaliarán de maneira independente e nas que se valorará o proceso de investigación cos materiais e o nivel de acabado. Tamén se terá en conta a achega dunha linguaxe persoal de carácter plástico, dentro do ámbito do deseño.	40	A5	B1	C2 C14	D3
Estudo de casos	Avaliación progresiva da asimilación de contidos, da calidade técnica, da iniciativa na experimentación e a procura propia de recursos.	40	A5	B1	C2 C14	D3
Presentación	O alumnado realizará unha presentación final dos seus exercicios.	10	A5	B1	C2 C14	
Observación sistemática	Valorarase a asistencia, o grao de interese, o seguimento de exercicios e a participación activa na materia, así como a evolución na traxectoria do curso.	10	A5	B1	C2 C14	D3

Outros comentarios sobre a Avaliación

Convocatoria ordinaria

No desenvolvemento da materia se empregará unha metodoloxía de **avaliación continua**, polo que a asistencia ás clases será obrigatoria, así como a entrega de todos e cada un dos exercicios propostos. A avaliación se realizará en base ás seguintes tipoloxías de actividades:

- Resolución de problemas e/ou exercicios: 40%
- Estudo de casos: 40%
- Presentación: 10%
- Observación sistemática: 10%

Para o alumnado ao que se lle conceda a opción de **avaliación global**, a proba de avaliación consistirá en presentar e superar o mesmo número de traballos e según as mesmas características requiridas na metodoloxía de avaliación continua, así como a realización dunha presentación o día da proba.

Neste caso, a avaliación será da seguinte maneira:

- Resolución de problemas e/ou exercicios: 80%
- Presentación: 20%

Convocatoria extraordinaria de xullo

Na convocatoria extraordinaria, o alumnado deberá presentar e superar o mesmo número de traballos e según as mesmas características requiridas na avaliación global. Os exercicios deberán presentarse nun exame final, que se levará a cabo durante o período oficial de exámenes. A data e hora se comunicarán ao comezo do curso no cronograma da materia.

A avaliación da convocatoria extraordinaria de xullo será da seguinte maneira:

- Resolución de problemas e/ou exercicios: 80%
- Presentación: 20%

A non presentación dalgún dos exercicios ou unha nota inferior a 3,5 nalgún deles, supondrá o suspenso da materia, tanto na convocatoria ordinaria como na extraordinaria.

Datos de avaliación

Todas as datas das probas de avaliación aprobadas polo centro pódense consultar na seguinte dirección:

<https://deseno.uvigo.gal/horarios-calendarios-avaliacions-gd-gal/>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Anderson, Chris, **Makers la nueva revolución industrial**, ISBN : 978-84-96627-70-3, Empresa Activa, 2013

García Jiménez, Jesús y Rodríguez Rodríguez, Juan José, **Materiales de producción en artes gráficas**, ISBN : 84-609-6294-6, Editorial Aral, 2005

Munari, Bruno, **¿Cómo nacen los objetos?**, ISBN : 84-252-1154-9, Gustavo Gili, 1983

Peña Andrés, Javier, **Selección de materiales en el proceso de diseño**, ISBN : 978-84-931329-8-9, Ediciones CPG, 2009

Bibliografía Complementaria

Benyus, Janine M., **Biomímesis: cómo la ciencia innova inspirándose en la naturaleza**, ISBN: 978-84-8383-399-5, Tusquets Editores, 2012

Fernández Zapico, José Manuel, **La fabricación de las materias papeleras : selección de materias primas, fabricación, catalogación de productos, comercialización, medioambiente y normativas**, ISBN : 84-931329-5-0, Ediciones CPG, 2008

Sherin, Aaris, **Sostenible: un manual de materiales y aplicaciones prácticas para los diseñadores gráficos y sus clientes**, ISBN: 978-84-252-2322-8, Gustavo Gili, 2009

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Laboratorio integrado: Procedementos I/P06G450V01107

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Expresión artística: Fundamentos da cor/P06G450V01106

Expresión artística: Fundamentos do debuxo/P06G450V01102

Fundamentos do deseño I/P06G450V01104

Outros comentarios

non hai

DATOS IDENTIFICATIVOS**Fundamentos do deseño I**

Materia	Fundamentos do deseño I			
Código	P06G450V01104			
Titulación	Grao en Deseño			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Varela Casal, Cristina			
Profesorado	Varela Casal, Cristina			
Correo-e	cristinavarelacasal@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Elementos básicos do deseño. Principios fundamentais da organización visual. Principios semánticos. Soportes e formatos. Principios fundamentais da imaxe. Principios fundamentais da tipografía. Fundamentos da composición. Interacción da cor no deseño. Principios da forma e do volume.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita atoparse nun nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, tamén inclúe algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A5	Desenvolver aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Saber analizar e sintetizar
C3	Coñecer os fundamentos estéticos do deseño (morfoloxía, estrutura, cor, espazo, volume, tectónica, tipografía e composición).
C6	Coñecer os fundamentos e os principios que rexen o uso da tipografía, así como os criterios tecnolóxicos e conceptuais que rexen o seu deseño e a súa utilización. Coñecemento da historia da tipografía e do papel que xogou na evolución do deseño gráfico e editorial ao longo das épocas.
C8	Coñecer os valores simbólicos e os procesos necesarios no deseño de produtos, na comunicación visual, nos sistemas e nos servizos de deseño.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Analizar e comprender os fundamentos estéticos básicos que rexen a disciplina do deseño.	A1 A5	B1	C3 C6 C8
Analizar a coherencia na organización visual, composición e imaxe nun proxecto de deseño.	A1 A5	B1	C3 C6 C8
Analizar as interrelacións entre a forma e a función no deseño.	A1 A5	B1	C3 C6 C8
Valorar e elixir un soporte e un formato en base aos condicionantes funcionais dun proxecto.	A1 A5	B1	C3 C6 C8
Experimentar coas interrelacións da cor no deseño.	A1 A5	B1	C3 C6 C8

Contidos

Tema	
Principios semánticos do deseño	A cultura do deseño Creatividade e deseño
Elementos básicos do deseño	Definición, exemplos e caracterización dos elementos básicos do deseño
